

Regulamento sobre Elaboración e Avaliación do Traballo Fin de Máster en Neurociencia

(Aprobado pola Comisión Académica, 18-09-2015)

Este regulamento contén as directrices relativas á definición, realización, defensa e cualificación do Traballo Fin de Máster (TFM) do Máster Interuniversitario en Neurociencia.

Consideracións legais.

O real decreto 1393/2007, do 29 de Outubro (modificado polo Real Decreto 861/2010), establece a regulación dos traballos fin de grado e fin de máster. Respecto ao Traballo Fin de Máster (en diante TFM), no artigo 15.3 establécese que “Estes ensinamentos concluirán coa elaboración e defensa pública dun traballo fin de máster, que terá entre 6 e 30 créditos”. O devandito Real Decreto non recolle ningunha disposición sobre o proceso de elaboración e avaliación que, en consecuencia e no exercicio de súa autonomía universitaria, deberá ser regulado por cada Universidade.

O artigo 4.3 da “Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela (Aprobado polo Consello de Goberno do 2 de Maio de 2013)” establece que os TFM só poderán ser defendidos e avaliados despois de que se teña constancia que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de máster, salvo os correspondentes ao propio traballo.

A matrícula realizarase nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria, conxuntamente coas materias que teña pendentes de superar para completar os estudos de máster, de ser o caso. A matrícula dará dereito á presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado/a o/a alumno/a. No caso de que o/a alumno/a non se presente a algunha das oportunidades no curso en que estea matriculado/a no TFM, ou non o supere, deberá realizar unha nova matrícula.

Segundo consta na Memoria do Máster de Neurociencia, o TFM terá 19 créditos.

Artigo 1. Obxectivo e natureza do TFM.

O obxectivo xeral do TFM é o de iniciar ao/á alumno/a na investigación científica, facilitándolle a adquisición de destrezas, técnicas, coñecementos e capacidade de análise. O TFM supón a realización por parte do/da estudante dun traballo orixinal experimental de iniciación á investigación no ámbito da neurociencia, relacionado con calquera das liñas de investigación que se ofertan no máster. Este traballo inclúe actividades tanto presenciais (asistencia a sesións de tutorización individual, realización do traballo experimental, presentación e defensa pública do proxecto), como non presenciais (revisión bibliográfica

actualizada e completa en referencia ao tema do traballo, deseño da investigación e metodoloxía experimental, tratamento estatístico dos datos, interpretación e discusión de resultados, elaboración de figuras e conclusións, redacción da memoria final, e ensaios para a defensa oral do traballo).

O TFM debe ser realizado individualmente por cada alumno/a baixo a dirección dun/dunha director/a.

Artigo 2. Director/a do TFM.

O traballo fin de máster deberá ser realizado polo/a alumno/a baixo a supervisión do/da seu/súa director/a e no seu caso dun/dunha codirector/a, os cales deberán ser profesores/as do programa. Por razóns xustificadas o TFM poderá ser dirixido por un/unha investigador/a doutor/a alleo/a ao programa, pero sempre baixo a titorización dun membro do mesmo, que actuará como titor.

A misión do/da director/a será fixar as especificacións do TFM, orientar ao/á alumno/a durante a realización do mesmo, garantir que os obxectivos fixados inicialmente son alcanzados no tempo fixado, emitir o informe final do TFM que dirixe, e autorizar a súa presentación.

Para a elaboración do informe final, o/a director/a cubrirá o formulario destinado para tal fin, no cal, informará sobre:

- Esfuerzo, dedicación e interese do alumno.
- Grado de consecución dos obxectivos propostos.
- Valoración da adquisición por parte do alumno de diversas competencias transversais.
- Valoración global.

Artigo 3. Asignación do/da director/a e do TFM.

Ao principio de cada curso académico, os/as profesores/as do máster presentarán as liñas de investigación adscritas ao Máster Interuniversitario en Neurociencia, co obxecto de facilitar aos/ás alumnos/as a selección dun grupo de investigación onde realizar o TFM.

Unha vez rematado o período de presentación das liñas de investigación, os alumnos cubrirán un formulario onde priorizarán un mínimo de 5 liñas de investigación, e polo tanto manifestan así o seu interese en realizar o TFM nas liñas de investigación elixidas. Ditoformulario será remitido ao/á coordinador/a do máster, sendo a data límite a última semana de Setembro.

As solicitudes dos alumnos serán enviadas polo/a Coordinador/a do Máster aos grupos de investigación, os cales, tendo en conta a súa capacidade formativa, levarán a cabo unha selección atendendo aos criterios que consideren, e tendo en conta sobre todo, a adecuación do perfil do alumno co traballo que vai realizar.

A Comisión Académica do máster asesorará aos/ás alumnos/as e garantirá a realización do traballo de investigación atendendo aos intereses dos/das alumnos/as e á dispoñibilidade de directores.

Os/as alumnos/as conxuntamente co/coa director/a deben elaborar unha proposta de TFM, cubrindo o formulario destinado para tal fin. A proposta deberá ser firmada polo/aalumno/a, o/a director/a e, de selo caso, polo/a titor/a. Antes do comezo do segundo cuadrimestre dita proposta debe ser enviada ao/á coordinador/a do máster.

A Comisión Académica aprobará as propostas de TFM, así como as solicitudes de cambios sobre as propostas iniciais de TFMs. Por outra parte, a Comisión Académica fará pública a relación dos TFMs aprobados, incluíndo no listado os nomes dos/das alumnos/as, directores/as, título dos TFMs e Universidade na que os alumnos fixeron a súa matrícula.

Para a realización do TFM os/as alumnos/as disporán das instalacións do grupo de investigación no que estea integrado/a o/a seu/súa director/a, e recibirán orientación sobre calquera aspecto do mesmo.

Artigo 4. Cambio de director/a e/ou modificación do TFM.

O/a alumno/a que queira modificar o TFM ou cambiar de director/a, deberá renunciar primeiro á adxudicación que teña asignada, mediante un escrito enviado ao/á coordinador/a do máster na universidade na que se matriculou e dirixido á Comisión Académica, a cal resolverá e procederá, no seu caso, á asignación dun novo director/a e/ou traballo no prazo máximo de 20 días naturais, previo acordo das partes. O/a director/a que queira renunciar a súa dirección sobre un TFM, deberá enviar un escrito motivado ao/á coordinador/a do máster da universidade na que se matriculou o/a alumno/a, este/a o fará chegar á Comisión Académica, a cal resolverá e procederá, no seu caso, á asignación dun novo director/a e/ou traballo no prazo máximo de 20 días naturais, previo acordo das partes.

Ao longo do segundo cuadrimestre do curso académico, o/a director/a dun TFM pode solicitar cambios sobre a proposta de TFM plantexada inicialmente (cambio de título e/ou dos contidos de mesmo), neste caso o/a director/a enviará ao/á coordinador/a do máster un escrito solicitando ditos cambios e adxuntando a copia do novo proxecto ou do proxecto modificado, cunha antelación mínima de 30 días, respecto da data de presentación do TFM.

Artigo 5. Elaboración do TFM.

O TFM presentado amosara o traballo desenvolvido polo alumno e poderá presentarse nun formato tipo memoria ou nun formato tipo artigo científico. A propiedade intelectual dos traballos correspóndelles ao/á alumno/a que o realizou e ao grupo de investigación asociado a liña de investigación onde realizou dito traballo.

Os criterios a ter en conta para a elaboración e redacción do TFM son:

- O traballo debe ser propio da Neurociencia e contribuír ao seu desenvolvemento.
- O título debe reflectir o contido do traballo.
- A introdución debe presentar adecuadamente o estado actual do tema de traballo.
- Os obxectivos teñen que estar formulados claramente e ser abordables.
- O material e os métodos deben describirse claramente e ser apropiados; ademais, deben cumprir as normativas éticas comunitarias.
- Os resultados teñen que obterse con rigor científico e presentarse adecuadamente, incluíndo, se procede, as correspondentes ilustracións.
- A discusión ten que sustentarse nos resultados obtidos e na bibliografía especializada.
- As conclusións deben ser froito dos resultados e da discusión, ademais de responder aos obxectivos.
- A bibliografía debe ser adecuada, actual e axustarse ao tema de investigación; así mesmo, as citas teñen que estar debidamente apuntadas tanto no texto como na bibliografía cun formato homoxéneo.

Artigo 5.1. Formato tipo memoria.

O TFM debe ter as seguintes partes:

- Portada na que figure: denominación do máster, Universidade na que se matriculou, título do TFM, nome completo do/da autor/a, e curso académico.
- Autorización da presentación asinada polo/a director/a e sinatura do/da autor/a.
- Índice
- Resúmen
- Introducción
- Obxectivos
- Material e métodos
- Resultados, incluídas táboas e figuras
- Discusión
- Conclusións
- Bibliografía

Deberá existir unha certa proporción na extensión das distintas partes do traballo.

O TFM terá unha extensión máxima de 40 páxinas, cun tamaño de letra Times New Roman de 12 puntos, con marxes de 2,5 cm e a 1 ½ espazos.

Artigo 5.2. Formato tipo artigo científico.

O TFM debe ter as seguintes partes:

- Portada na que figure: denominación do máster, Universidade na que se matriculou, título do TFM, nome completo do/da autor/a, e curso académico.
- Autorización da presentación asinada polo/a director/a e sinatura do/da autor/a.
- Índice
- Introducción

- Bibliografía
- Obxectivos
- Traballo aceptado nunha revista científica, que estará asinado unicamente polo/a director/a, polo/a codirector/a no caso de telo, e polo/a alumno/a que realizou dito traballo.
- Conclusións

Neste formato o TFM terá unha extensión máxima de 25 páxinas, cun tamaño de letra Times New Roman de 12 puntos, con marxes de 2,5 cm e a 1 ½ espazos.

Artigo 6. Defensa do TFM.

O/a alumno/a solicitará a defensa do TFM en instancia dirixida ao/á coordinador/a do máster, cunha antelación mínima de 12 días, respecto da data de presentación dos TFM. Ca solicitude o/a alumno/a entregará tres copias en papel do TFM, xunto cunha copia electrónica en formato PDF, todas elas debidamente asinadas. Recibida a solicitude, o/a coordinador/a requirirá do/da director/a un informe, que estará a disposición do Tribunal de Avaliación no momento da presentación e defensa do traballo.

A defensa do TFM será realizada polo/a alumno/a en sesión pública, mediante exposición oral do seu contido; seguidamente, contestará ás preguntas que lle susciten os membros do Tribunal de avaliación e, no seu caso, dos asistentes ás Xornadas de Xóvenes Investigadores en Neurociencia. A Comisión Académica do máster recomenda a presentación e defensa dos TFMs na convocatoria de xullo, durante a celebración de ditas Xornadas.

O tempo de exposición do traballo por parte do/da alumno/a non será superior a 12 minutos, nin inferior a 10 minutos, e irá seguido dunha quenda de preguntas.

Artigo 7. Composición e nomeamento dos Tribunais de Avaliación.

A composición dos tribunais encargados de avaliar os TFMs, será establecida polo/pola coordinador/a do máster, e sometida a aprobación por parte da Comisión Académica do Máster.

Os membros dos tribunais serán profesores da titulación, estando cada tribunal composto por tres membros e, polo menos, un suplente. En cada tribunal haberá un/unha Presidente/a (o/a de maior categoría e máis antigo/a), un/unha Secretario/a (o/a de menor categoría e máis novo/a) e un/unha vogal. Tanto o/a director/a do TFM, como o/a titor/a do/da alumno/a non poderán formar parte do Tribunal de Avaliación.

En cada unha das convocatorias poderanse constituír un ou varios tribunais para a valoración dos TFM que se presenten.

Artigo 8. Avaliación e cualificación do TFM.

A avaliación realizarase conforme á calidade da memoria do TFM e da súa defensa pública atendendo aos seguintes criterios:

CONTIDO DO TRABALLO:

- Profundidade da introdución.
- Claridade e pertinencia dos obxectivos propostos.
- Adecuación do deseño da investigación aos obxectivos propostos.
- Consideración de aspectos éticos.
- Rigor na obtención e presentación dos resultados e na discusión.
- Pertinencia no uso de figuras e táboas e calidade das mesmas.
- Calidade da revisión bibliográfica.
- Adecuación das conclusións aos obxectivos, aos resultados e á discusión.

PRESENTACIÓN ESCRITA:

- Redacción e coherencia do documento, manexo/precisión da linguaxe científica, rigor terminolóxico e formal (normas de estilo).

EXPOSICIÓN ORAL:

- Claridade e orden na presentación oral.
- Utilización adecuada dos métodos audiovisuais.
- Capacidade para argumentar e responder as cuestións plantexadas despois da exposición oral.

Cada bloque será valorado de 0-10 e a cualificación final outorgada polo Tribunal de Avaliación do TFM, con expresión dun decimal, obterase de acordo á seguinte ponderación por apartados:

- Contido do traballo: 30%
- Presentación escrita: 30%
- Exposición oral: 40%

Para outorgar as cualificacións finais aos TFMs, os Tribunais disporán dos informes dos/das directores/as, os cales poderán ser tidos en conta unha vez finalice a avaliación da exposición, para outorgar a cualificación final.

O nivel de aprendizaxe conseguido polos estudantes expresarase con cualificacións numéricas, de 0 a 10 e con expresión dun decimal, ás que poderán engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa:

- 0-4.9: suspenso (SS).
- 5.0-6.9: aprobado (AP).
- 7.0-8.9: notable (NT).
- 9.0-10: sobresáinte (SB).

Dita cualificación reflectirase no expediente académico do/da alumno/a.

Poderase conceder a mención de “Matrícula de Honra” a alumnos/as que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9.0. O número de matrículas de honra que poden ser concedidas aterase á normativa das Universidades participantes. En ningún caso se poñerá “Matrícula de Honra” a un/unha alumno/a que obteña unha nota inferior á obtida por alumnos/asaos/ás que non se lles poida conceder “Matrícula de Honra” por limitación do número das que poden ser concedidas en cada unha das Universidades que imparten o máster.

Artigo 9. Revisión das cualificacións

Unha vez feitas públicas as cualificacións, o/a coordinador/a do máster fixará unha data, horario e lugar de revisión das mesmas. A revisión será persoal e poderá ser realizada por un ou varios membros do Tribunal de Avaliación ou, no seu defecto, polo/a coordinador/a do máster. Deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data na que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

Terminado o proceso de revisión procederase ao peche das actas.